

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE FACENDA

10921 *REAL DECRETO 1088/2000, do 9 de xuño, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e o Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de retencións sobre arrendamentos ou subarrendamentos de inmobles.* («BOE» 139, do 10-6-2000.)

Este real decreto modifica os regulamentos do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades coa finalidade de rebaixar do 18 ó 15 por 100 o tipo que se aplica para determina-lo importe da retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos.

A modificación vén esixida polas recentes sentencias do Tribunal Supremo do 2 e 18 de marzo de 2000, que anularon os preceptos dos ditos regulamentos que establecían o tipo de retención no 18 por 100.

Para establece-lo novo tipo de retención tívose presente a doutrina que o Alto Tribunal elaborou en relación co réxime das retencións á conta dos impostos persoais, así como outras consideracións de política tributaria e económica. En particular, o propósito de reduci-la contía deste pagamento á conta en termos compatibles co obxectivo de equilibrio orzamentario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2000,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 93 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 93 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo artigo único do Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«Artigo 93. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplica-la porcentaxe do 15 por 100 sobre tódolos conceptos que se satisfagan ó arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe dividirse por dous cando o inmovible urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 55.4 da Lei do imposto.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

O punto 1 do artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo artigo 1 do Real decre-

to 537/1997, do 14 de abril, queda redactado como segue:

«1. A porcentaxe á que se debe efectua-la retención ou o ingreso á conta será, con carácter xeral, o 18 por 100.

No caso de arrendamento e subarrendamento de inmobles urbanos, a porcentaxe será o 15 por 100. A dita porcentaxe dividirse por dous cando se trate de rendas procedentes de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas nos ditos territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

10922 *REAL DECRETO 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.* («BOE» 139, do 10-6-2000.)

O Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, aprobou a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, modificado posteriormente polos reais decretos 1424/1982, do 18 de xuño; 2353/1986, do 10 de outubro; 1426/1988, do 25 de novembro; 1809/1991, do 13 de decembro, e 431/1999, do 12 de marzo.

O Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, establece no seu único anexo a relación dos produtos alimenticios que deberán ser obxecto de lexislación específica mediante regulamentacións técnico-sanitarias. Nesa relación figuran, entre outros, os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.

Por iso, para garantir, por unha parte, que estes produtos satisfán as necesidades nutricionais particulares das persoas afectadas por unha enfermidade, trastorno ou afección específicos ou desnutridas pola súa causa e que, por outra, os ditos produtos se administran baixo supervisión médica, coa asistencia doutros profesionais sanitarios e que ademais, dada a súa natureza e destino, a súa etiquetaxe debe ter establecidas regras específicas que incorporen excepcións e adicións á norma xeral de